



CONCELLO DA MEZQUITA

BANDO

AXUDAS Á APICULTURA

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que no DOG nº 12 de 20/01/2025 a Consellería deo Medio Rural publicou a Orde do 12 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento MR506A e MR506B).

Beneficiarios: Persoas físicas ou xurídicas, ou entes sen personalidade xurídica, titulares de explotacións apícolas, incluídas aquelas que sexan integrantes de explotacións de titularidade compartida recollidas na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias.

Requisitos:

- Levar realizando a actividade apícola con anterioridade ó 1 de xaneiro 2025
- Ser titular dunha explotación con máis de 15 colmeas (individual) e 50 colmeas (transhumancia)
- Realizar un tratamento de varrose ó ano.
- Ter seguro de responsabilidade civil das colmeas
- Ter realizada a declaración censual anual obrigatoria referida o 31 de decembro de 2024 antes do día 1 de marzo de 2025.

Prazo: 20 de Febreiro 2025

Enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250120/AnuncioG0426-121224-0009_gl.html

En A Mezquita, a 20 de xaneiro de 2025.

O ALCALDE,

(documento asinado dixitalmente na marxe)

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

